

## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE EMIGRANTES RETORNADOS "MARSÚA"

### Capítulo I. Da asociación en xeral

**Artigo 1.** Coa denominación de ASOCIACIÓN DE EMIGRANTES RETORNADOS "MARSÚA", constitúese unha ASOCIACION social-cultural ó amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

"MARSÚA" terá como idioma oficial o galego, para así contribuir na normalización do noso idioma.

**Artigo 2.** Esta asociación constitúese por tempo indefinido, e só se disolverá por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria segundo o disposto no CAPÍTULO CUARTO ou por calquera das causas previstas nas leis.

**Artigo 3.** Son fins principais da asociación:

- a) Ofrecemento de información ós/ás retornados/as que lle permita acadar os seus dereitos unha vez de novo no seu país.
- b) Desmitificar a crenza de que Galicia máis emigración son parella inseparable.
- c) Aproveitamento do capital material e humano galego da emigración, para beneficio de Galicia e que as novas xeracións non sigan emigrando.
- d) Divulgación no ámbito da sociedade en xeral dos problemas dos/as retornados/as.
- e) Contribuír á formación dun mecanismo de autodefensa ante situacións de vulneración dos seus dereitos.
- f) Desenvolver e defender os dereitos das asociadas/os.
- g) Desenvolver actividades de todo tipo encamiñadas a cubrir as necesidades dos/das asociados/as e manter os contactos necesarios cos emigrantes no exterior.

**Artigo 4.** Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes actividades:

- a) Organizar actividades de carácter social, cultural, lúdico e recreativo.
- b) Organizar e colaborar en foros de debate, congresos, xornadas, charlas,... que fomente a información ó colectivo emigrante.
- c) Axudar na medida do posible nos problemas da emigración.
- d) Publicidade e intervención nos medios de comunicación social como forma de chegar ó colectivo da emigración, informar á sociedade en xeral e aclarar ou replicar as informacións, artigos ou comentarios que poidan prexudicar esta Asociación ou os seus fins.
- e) Sen prexuízo das actividades descritas no apartado anterior, a asociación, para o cumprimento dos seus fins, poderá:
  - Desenvolver actividades coa finalidade de obter recursos económicos encamiñados á consecución dos obxectivos da asociación.
  - Adquirir e posuír bens de todas as clases e por calquera título, así como realizar actos e contratos de todo xénero.
  - Exercitar toda clase de accións conforme ás leis e a estes estatutos.
- f) Dinamización dun espazo de encontro.

## ASOCIACIÓN DE EMIGRANTES RETORNADOS "MARUSÍA"

---

- g) Calquera outra actividade que a xunta directiva considere axeitada para o cumprimento dos fins da asociación.

**Artigo 5.** O domicilio social radicará na localidade de Santiago de Compostela, na Rúa do Home Santo, nº 10 - baixo, código postal 15703, da provincia de A Coruña. Apartado de Correos 255 de Santiago de Compostela. O domicilio social poderá ser trasladado sen que isto supoña unha modificación dos presentes Estatutos.

**Artigo 6.** A asociación exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

### Capítulo II. Dos/Das asociados/as

**Artigo 7.** Poderán ser integrantes da Asociación tódalas persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar, que acepten os principios fundamentais da asociación e os seu estatutos e sexan admitidos no seo da Xunta Directiva.

**Artigo 8.** . No seo da Asociación poden convivi-las seguintes clases de asociados/as:

- a) Socios/as fundadores son os que figuran na acta fundacional.
- b) Socios/as de número, que serán os que ingresen despois da constitución da Asociación.
- c) Socios/as de honra, que destacan a criterio da Xunta Directiva polo seu prestixio ou por ter contribuído ó desenvolvemento dos fins fundacionais.

Os/as socios/as de honra formaran parte da Asemblea Xeral con voz pero sen voto.

Os/as socios/as de honra poderán formar parte dos órganos de goberno sempre que sexan elixidos pola Asemblea Xeral. No caso de pertencer á Xunta Directiva, estes socios si terán voz e voto na Xunta Directiva e na Asemblea Xeral

**Artigo 9.** Dereitos dos/as socios/as:

1. Recibir información das actividades da asociación.
2. Expresar opinións, propostas e críticas ante os órganos de goberno da asociación.
3. Impugnar os acordos e actuacións contrarios á Lei de Asociacións ou ós Estatutos dentro do prazo de 40 días naturais, contados a partir daquel en que o demandante coñecese ou tivese a oportunidade de coñecer o contido do acordo que pretenda impugnar.
4. Intervir na xestión económica e administrativa da Asociación, así como solicitar a actuación dunha comisión interventora.
5. Exercitar o dereito de voz e voto nas Asembleas Xerais, podendo conferir para ese efecto a súa representación a outro socio. Perderán este dereito os socios que non estean ó día no pagamento das cotas establecidas.
6. Participar, de acordo cos presentes estatutos, nos órganos de dirección da asociación, sendo elector e elixible para os mesmos.
7. Participar dos servizos e actividades promovidas pola Asociación.
8. Separarse libremente da Asociación, sen que por iso poida recuperar os bens investidos.
9. Aqueles outros que sexan recollidos na lexislación vixente.

**Artigo 10.** Deberes dos/as socios/as:

1. Contribuír a soste os gastos co pagamento das cotas que establezan os órganos de dirección, agás os/as socios/as de honra.
2. Acatar e cumprir os presentes estatutos e acordos validamente adoptados polos órganos rectores da asociación.
3. Respetar a libre manifestación de opinión e non entorpecer as actividades da Asociación.
4. Non danar a imaxe da asociación.
5. Prestar a súa axuda activa para a consecución dos fins da asociación.
6. Desenvolve-las obrigas inherentes ó cargo que se ocupe.

Aquelas outras que sexan recollidos na lexislación vixente.

**Artigo 11** A condición de asociado/a pérdese por causa de:

- a) Vontade propia, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Impagamento das cotas, podendo causar baixa se pasan 3 meses sen pagar.
- c) Realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da Asociación.
- d) Expediente disciplinario.

**Artigo 12.** A expulsión de persoas asociadas, que sempre será motivada, será acordada pola Xunta Directiva, deberá ser comunicada ó/á interesado/a. E contra del pódese recorrer ante unha comisión de conflitos previamente designada ou diante da xurisdicción ordinaria.

**Artigo 13.** A separación temporal dun/dunha asociado/a pódese producir:

- a) A petición persoal do/da asociado/a por escrito.
- b) Polo acordo da Xunta Directiva, ben por motivos de ter aberto un expediente sancionador, ben polo impagamento de cotas, ben por comportamentos que afecten á boa marcha dalgún dos fins da Asociación.

**Artigo 14.** Os socios poderán ser sancionados pola Xunta Directiva por infrinxir reiteradamente os estatutos ou os acordos da Asemblea Xeral ou da Xunta Directiva.

As sancións poden comprender desde a suspensión dos dereitos de 15 días a un mes ata a separación definitiva, nos termos previstos nestes estatutos.

A tales efectos, o presidente poderá acordar a apertura dunha investigación para que se aclaren aquelas conductas que poidan ser sancionables. As actuacións levaraas adiante o secretario, ou un socio instructor nomeado para tal fin, que propoñerá á Xunta Directiva a adopción das medidas oportunas. A imposición de sancións será facultade da Xunta Directiva e deberá ir precedida da audiencia do interesado.

## **Capítulo III. Do funcionamento asociativo**

### **RÉXIME XERAL**

**Artigo 15.** A Asociación rexerese segundo os presentes estatutos, sempre que os seus contidos non se opoñan ás leis nin contradigan os principios contidos na Lei Orgánica 1/2002 e o seu desenvolvemento regulamentario. O Regulamento de Réxime Interno desenvolverá os presentes estatutos.

**Artigo 16.** O goberno e a representación da Asociación están a cargo dos seguintes órganos:

- a) A Asemblea Xeral, como máximo órgano colexiado de goberno da Asociación.
- b) A Xunta Directiva, como órgano colexiado en quen a Asemblea delega o goberno permanente da Asociación.
- c) O/A presidente/a, o/a secretario/a e o/a tesoureiro/a, como órganos unipersoais e con funcións de goberno e de representación determinadas polos Estatutos.

## **ASEMBLEA XERAL**

**Artigo 17.** A Asemblea Xeral é o órgano de expresión da vontade da Asociación, estará integrada por tódolos/as asociados/as e tomará os seus acordos por maioría de votos dos/as asociados/as presentes ou representados/as.

**Artigo 18.** A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ben por propia iniciativa, ben porque o solicite por escrito a unha terceira parte dos socios indicando os motivos e o fin da reunión.

**Artigo 19.** A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse unha vez ó ano para aprobar os orzamentos, balances e demais asuntos da Orde do día.

Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 10 días de antelación polo/a Presidente/a da Xunta Directiva, enviándose a notificación ó domicilio dos/das asociados/as, a non ser que as circunstancias de urxencia aconsellen o contrario.

Na convocatoria han de aparecer o lugar, data e hora da xuntanza, así como a orde do día con expresión concreta dos temas a tratar e os anexos que procedan. Tamén ha de sinalarse a hora da segunda convocatoria, que como mínimo terá que separarse media hora da primeira.

**Artigo 20.** As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas para poder tomar acordos cando en primeira convocatoria concorran a ela, presentes e representados/as, a metade máis un dos/as asociados/as, e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados/as concurrentes.

**Artigo 21.** Os/As socios/as poderán outorga-la súa representación, ós efectos de asistir ás Asembleas Xerais, en calquera outro/a socio/a. Tal representación outorgarase por escrito, e deberá obrar en poder do Secretario da Asemblea polo menos media hora antes de celebrarse a sesión.

**Artigo 22.** Son competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aproba-los programas de actuación da Asociación e a creación de servizos.
- b) Aproba-lo Orzamento proposto pola Xunta Directiva, así como examinar e aproba-los Balances e as Contas anuais do exercicio anterior.
- c) Fixa-las cotas ordinarias e/ou extraordinarias.
- d) Aproba-lo Regulamento de Réxime Interno da asociación.
- e) Nomear unha comisión interventora das cuestións económicas, cando algún asociado así o solicite.
- f) As demais que resulten dos Estatutos e non estean expresamente atribuídas á Asemblea Xeral Extraordinaria ou á Xunta Directiva.

**Artigo 23:** Son competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Elixi-los integrantes da Xunta Directiva.
- b) Aproba-la federación ou confederación con outras asociacións.
- c) Modifica-los Estatutos da Asociación.
- d) Disolve-la Asociación e designa-los liquidadores.
- e) Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.

**Artigo 24.** Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen ós negativos, non sendo computables os votos en branco nin as abstencións. Será preciso a maioría dos dous tercios das persoas presentes ou representadas para os apartados comprendidos entre o b) e o d) do artigo 23.

A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e asinará o/a Presidente/a e o/a Secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría simple.

**Artigo 25.** Os acordos que vaian en contra destes Estatutos ou dos fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará aberta a vía para recorrer diante da xurisdicción ordinaria.

## **XUNTA DIRECTIVA**

**Artigo 26.** A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por cinco membros, como mínimo, que serán elixidos pola Asemblea Xeral. Sendo a Xunta Directiva nomeará entre os seus membros os cargos de: Presidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e dous vocais. Tódalas persoas que compoñen a xunta directiva deberán ser designados/as, na forma prevista nos estatutos, ser asociado/a, maiores de idade, gozar da plenitude dos dereitos civís e exercer-lo cargo de forma non remunerada.

Os cargos serán designados pola Asemblea Xeral Extraordinaria

Os cargos terán unha duración de 2 anos, podendo ser obxecto de reelección indefinidamente. O seu mandato non poderá ser revogado mais que pola Asemblea Xeral, se ben a Xunta Directiva poderá acordar a suspensión temporal do cargo á espera da celebración da Asemblea Xeral.

**Artigo 27.** Os cargos da Xunta Directiva poderán causar baixa por:

- a) Dimisión ou renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Cesamento da condición de socio ou incursión en causa de incapacidade.
- c) Falta de asistencia dos membros da Xunta Directiva ás reunións.
- d) Incumprimento das obrigas que tiveran encomendada.
- e) Revogación acordada pola Asemblea Xeral, en aplicación do establecido no artigo anterior dos presentes estatutos.
- f) Expiración do mandato.

**Artigo 28.** As vacantes que se puideran producir na Xunta Directiva cubriranse provisionalmente por designación da mesma ata que a Asemblea Xeral elixa os novos membros ou confirme nos seus postos ós designados. No caso de expiración do mandato, continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que os substitúan.

Todas as modificacións na composición deste órgano serán comunicadas ó Rexistro de Asociacións.

**Artigo 29.** A Xunta Directiva reunirse polo menos unha vez cada tres meses e a convocatoria realizarase como mínimo con cinco días de antelación. En sesión extraordinaria, poderán reunirse tantas veces o determine a/o presidenta/e, ben por iniciativa propia, ben por pedimento de un tercio dos seus compoñentes, a convocatoria farase cun mínimo de 48 horas de antelación.

A Xunta Directiva estará presidida pola/o presidenta/e e, na súa ausencia, pola/o secretario/a.

A Xunta quedará validamente constituída coa asistencia da metade máis un dos membros.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados por maioría de votos dos asistentes. No caso de empate será o/a Presidente/a quen decida. Da sesión, a/o secretaria/o levantará acta, que se transcribirá no libro correspondente.

**Artigo 30.** As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral. En particular son facultades da Xunta Directiva:

- a) Dirixir a xestión ordinaria da asociación, de acordo coas directrices da Asemblea Xeral e baixo o control dela.
- b) Programar as actividades que desenvolverá a asociación.
- c) Someter á Asemblea Xeral o orzamento anual de gastos e ingresos, así como o estado de contas do ano anterior.
- d) Convoca-las Asembleas Xerais e executa-los acordos nela acadados
- e) Atender as propostas e suxestións que formulen os/as socios/as, adoptando ó respecto as medidas necesarias.
- f) Crear Comisións de traballo co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades ou recadar das mesmas as informacións necesarias. Ó cargo destas Comisións designarase un membro da Xunta Directiva.
- g) Interpreta-los Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno e velar polo seu cumprimento.
- h) Calquera outra función non atribuída expresamente á Asemblea Xeral.

## **ÓRGANOS UNIPERSOAIS**

**Artigo 31. O/A Presidente/a terá as seguintes atribucións:**

- a) Asumir a representación legal da asociación, velando polo cumprimento dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e na Xunta Directiva.
- b) Convocar, presidir e moderar as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- c) Render contas ó remate do seu mandato da súa xestión diante da Asemblea Xeral, xunto coa Xunta Directiva.
- d) Rubricar coa súa sinatura as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- e) Manter informada á Xunta Directiva das súas xestións.
- f) Realizar as xestións administrativas pertinentes.
- g) Ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas, certificacións e correspondencia.
- h) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou convinte, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- i) Autorizar coa súa sinatura xunto coa do/a tesoureiro/a ou secretario/a, os pagamentos oportunos.
- j) Calquera outra función que sexa de interese para a execución dos estatutos da asociación.

**Artigo 32. O/A Secretario/a terá as seguintes atribucións:**

- a) Levantar as actas das sesións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, actas que asinará co visto e praxe do/a presidente/a.
- b) Expedir certificados das actas aludidas, co visto e praxe do/a presidente/a.
- c) Manter permanentemente actualizados os ficheiros e censos.
- d) Custodiar os libros, selos e calquera material que sexa soporte de información da asociación.
- e) Substituír o/a presidente/a na súa ausencia, vacante ou enfermidade.
- f) Autorizar coa súa sinatura xunto coa do/a presidente/a ou tesoureiro/a os pagamentos oportunos.

**Artigo 33. O/A Tesoureiro/a terá as seguintes atribucións:**

- a) Custodiar os fondos da asociación.
- b) Autorizar coa súa sinatura xunto coa do/a presidente/a ou secretario/a os pagamentos oportunos.
- c) Preparar os orzamentos de ingresos a gastos, as Contas anuais e os Balances para a súa presentación diante da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.
- d) Responsabilizarse da contabilidade da asociación.

**Artigo 34.** Os Vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que nazan das comisións de traballo que a Xunta lles encomende.

## **RÉXIME ECONÓMICO**

**Artigo 35.** A Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro. Os posibles beneficios obtidos como consecuencia da súas actividades económicas, incluídas ás prestacións de servicios, deberán destinarse, exclusivamente, ó cumprimento dos seus fins.

**Artigo 36.** A asociación no momento de constitución careceu de fondo social.

**Artigo 37.** O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

**Artigo 38.** O Orzamento da Asociación será anual, tendo que ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

**Artigo 39.** Anualmente e con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e balance de situación, que se formalizará nunha memoria e será posta a disposición dos/as socios/as, durante un prazo non inferior a quince días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

**Artigo 40.** Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas periódicas que marque a Asemblea Xeral.
- b) As cotas extraordinarias que aprobe a Asemblea Xeral.
- c) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados e doazóns que poida recibir de forma legal.

- d) Os ingresos que obteña mediante as actividades lícitas que acorde realizar a Xunta Directiva, sempre dentro dos fins estatutarios.
- e) Calquera outro recurso lícito.

Os recursos económicos obtidos pola asociación en ningún caso poderán distribuírse entre os socios.

**Artigo 41.** Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositadas os mesmos, deberán ter recoñecidas as firmas: o/a Presidente/a, o/a Tesoureiro/a o/a Secretario/a, para o emprego conxunto de dúas firmas indistintamente.

**Artigo 42.** A disposición dos bens patrimoniais que se aproben regulamentariamente, han de ser aprobados pola Asemblea Xeral.

## **Capítulo IV. Da modificación de Estatutos e Disolución**

**Artigo 43.** Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou a proposta das dúas terceiras partes dos/as asociados/as.

A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria tratará a modificación dos Estatutos e a orde do día estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 10 días para que calquera socio/a poida dirixir á Xunta Directiva as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán postas a disposición cunha antelación mínima de 5 días á realización da mesma.

A aprobación da modificación dos Estatutos acordarase pola maioría cualificada das persoas presentes ou representadas.

**Artigo 44.** A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Pola vontade dos/as asociados/as co voto favorable das dúas terceiras partes das persoas presentes ou representadas.
- b) Por outras causas determinadas legalmente.
- c) Por sentenza xudicial.

**Artigo 45.** Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente/a e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectúa-la liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

O haber líquido resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra entidade de carácter non lucrativo, inscrita na Comunidade Autónoma e que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación. Se transcorridos seis meses non aparecera ningunha, procederase á doazón dos bens a unha fundación de carácter social.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.